

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2021, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da estrada LU-651, treito Folgoso (punto quilométrico 21+600)-Seoane (punto quilométrico 35+670), de clave LU/17/128.01.*

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas e as alegacións formuladas no trámite de información pública, ditou o 23 de setembro de 2021 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da estrada LU-651, treito: Folgoso (punto quilométrico 21+600)-Seoane (punto quilométrico 35+670), de clave LU/17/128.01.

Antecedentes de feito:

Primeiro. No DOG número 236, do 12 de decembro de 2019, publicouse o Anuncio do 3 de decembro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da estrada LU-651, treito: Folgoso (p.q. 21+600)-Seoane (p.q. 35+670), de clave LU/17/128.01, para os efectos do establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública formularon alegacións as persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás cales se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Terceiro. No DOG número 131, do 12 de xullo de 2021, publicouse o Anuncio do 23 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio Cli-



mático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de mellora da estrada LU-651, treito: Folgoso (p.q. 21+600)-Seoane (p.q. 35+670) (LU/17/128.01), no concello de Folgoso do Courel (Lugo) (expediente 2019/0043).

#### Fundamentos de dereito:

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

Segundo. O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que, transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, se dará resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante porase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás cales se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Logo de revisados os informes emitidos e as alegacións formuladas, procede introducir as seguintes modificacións relativas á información pública:

- Realizarase a actualización dos titulares das parcelas obxecto de expropiación unha vez comprobados os datos achegados nas alegacións e acreditados de forma fidedigna.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que, no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da Administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu punto 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pú-



blica, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, así como para o trazado de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que “logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente”.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais en que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Folgoso do Courel (Lugo) deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Terceiro. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras os informes e certificados presentados,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de trazado de mellora da estrada LU-651, treito: Folgoso (p.q. 21+600)-Seoane (p.q. 35+670), de clave LU/17/128.01, coas modificacións dos datos relativos á titularidade das parcelas que se indican no fundamento de dereito segundo e sen modificacións no trazado sometido a información pública.



Segundo. Aprobar o proxecto de trazado de mellora da estrada LU-651, treito: Folgoso (p.q. 21+600)-Seoane (p.q. 35+670), de clave LU/17/128.01, nos termos indicados no punto anterior.

Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Folgoso do Courel (Lugo) deberá adaptar o seu planeamento urbano ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Carlos Lefler Gullón  
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

